



Regulamento da selección de persoal de carácter indefinido e temporal de Compañía de Servicios Medioambientales do Atlántico SA.

Artigo 1.º .-O obxecto do presente é a regulación da cobertura de prazas vacantes de persoal de carácter indefinido ou temporal da Compañía de Servicios Medioambientales do Atlántico SA.

Artigo 2.º .- Para facer efectivo o sistema de cobertura, a Xerencia de COSMA, publicará a convocatoria para a elaboración de listas de aspirantes para cada unha das prazas e/ou contratacións indefinidas ou temporais que se prevea que poidan producirse, ben por estar vacantes, ben por substitución, baixas ou calquera necesidades que xurda de conformidade coa normativa vixente, que se publicará na páxina web de COSMA, a fin de que, no prazo de vinte días naturais, a partir do seguinte ó da tal publicación, os interesados presenten as súas instancias, acompañadas da documentación que acredite a titulación e os demais requisitos esixidos para desempeña-la praza ou prazas ás que opten e os méritos que, de conformidade co baremo que se fixa no presente regulamento, desexen que se lles teñan en conta. A convocatoria establecerá a denominación e características e requisitos das prazas e a titulación esixible para o acceso ás mesmas.

Artigo 3.º - Os requisitos xerais para participar na convocatoria, serán:

1. Ter cumpridos 16 anos e non exceder da idade de xubilación
2. Non haber tido anteriormente un expediente disciplinario en COSMA SA.
3. Posuír a titulación esixida para o posto. No caso das prazas de persoal de rede e lectores se requirirá, ademais, estar en posesión do carné de conducir clase B.

Artigo 4.º .-As solicitudes, dentro do prazo sinalado para tal efecto, presentaranse no rexistro de COSMA, no modelo oficial establecido para tal efecto, que se facilitará nas oficinas de COSMA e na páxina web (www.cosmanaron.es), acompañando acreditación documental requirida na convocatoria.

Una vez examinada a documentación requirida na convocatoria, realizarase unha lista provisional dos aspirantes que cumpran cos requisitos marcados. Marcando, no momento de publicación desta lista, a data/hora e sitio de celebración da proceso selectivo (indicando cada un das fases do mesmo).

Só se estimarán os méritos que resulten debidamente acreditados e que se presenten voluntariamente dentro do prazo sinalado na convocatoria.

Ó persoal que resulte seleccionado requiriráselle a exhibición da documentación orixinal acreditativa dos méritos computados; se non se presentara a documentación ou se acreditase algunha irregularidade, a Xerencia poderá determinar a eliminación deste persoal da convocatoria. A lista de emprego estará en vigor ata a realización dunha nova convocatoria por parte da Xerencia de COSMA, momento no cal elaborárase unha nova lista, resultante do novo proceso selectivo.



Ata o momento de celebración do novo proceso selectivo, a lista en vigor marcará o orde de prioridade á hora de cubrir as prazas vacantes de carácter temporal. A necesidade de cubrir unha praza de carácter indefinido implicará necesariamente a convocatoria dun novo proceso selectivo.

Aqueles aspirantes que formen parte da lista de emprego no momento da renovación da mesma e que desexen continuar nela, deberán presentar solicitude quedando exentos de aportar a documentación que xa tiveran aportado en convocatorias anteriores, excepto que a mesma houbera experimentado algunha variación.

Na solicitude establecerase un apartado no que o aspirante indicará a súa disposición a participar en contratacións ou nomeamentos de urxencia por tempo inferior a un mes. No suposto de chamamentos urxentes para os que non se prevea duración superior á indicada, e non exista bolseiro nas listas, procederase á contratación directa sen necesidade de tramitación de procedemento selectivo algún.

Artigo 5.º .-Rematado o prazo de presentación de solicitudes, cos aspirantes que cumpran os requisitos que para cada caso se establezan, formaranse as correspondentes listas unitarias para cada praza de categoría igual e/ou asimilada, con independencia do carácter indefinido ou temporal, podendo fixarse un número máximo de compoñentes de cada lista definitiva (unha vez realizado o proceso de selección), en función do número de instancias presentadas. Os compoñentes da lista participaran no proceso selectivo para establecer o orde de prioridade á hora de cubrir as vacantes.

Artigo 6.º .- Para a elaboración e xestión das listas, formarase unha comisión de selección formada, establecendo a composición da mesma no momento de publicar a convocatoria da proba selectiva. A comisión de selección resolverá durante o proceso de elaboración e xestión das listas tódalas cuestións de interpretación que puideran presentarse.

Artigo 7.º .-Unha vez elaboradas as listas pola comisión de selección, publicaranse na páxina web de COSMA (www.cosmanaron.es) os/as aspirantes excluídos/as e os que non figuren na lista, disporán dun prazo de dez días hábiles a contar dende o seguinte á publicación das listas, para subsanar o defecto que motivase a súa exclusión. Transcorridos os dez días, si a subsanación de defectos dera lugar á modificación das listas, publicarase nova Resolución polos medios indicados anteriormente.

Artigo 9.º .-As listas renovarase no momento de convocarse un novo proceso selectivo, perdendo validez no momento que se aproben por parte da Xerencia as listas renovadas, as que ata entón estiveran viventes , pero sen que iso afecte ó persoal nomeado en virtude das mesmas e durante a súa vixencia.

A orde de prelación dos aspirantes incluídos nas listas irase modificando cos conseguíntes chamamentos, de acordo coas seguintes regras:

- Se o aspirante chamado non puidera ser nomeado por causa xustificada, discrecionalmente apreciada, previo informe da comisión de selección, conservará a súa orde de prelación na lista; en caso contrario, será excluído da mesma.



- Se calquera dos/as integrantes da lista renunciara a formar parte da mesma, ou unha vez nomeado/a renunciara, fora separado/a do servizo por sanción disciplinaria e/ou por despido declarado procedente, será excluído da lista.
- Se unha vez nomeado, se o tempo traballado fora inferior a un ano, retornará ó posto que ocupaba na orde de relación da lista no momento de ser chamado, ata completar o período de 12 meses. Se o bolseiro, obtívase un chamamento por tempo superior a 12 meses, dende o momento do cese permanecerá 9 meses sen ser chamado recuperando o seu posto na lista transcorrido ese tempo.
- En caso de empate na puntuación dos/as aspirantes no momento de ser chamados/as, o chamamento farase por orde alfabético, unha vez sorteada letra pola que iniciárase este orden.

Artigo 10º .-O baremo aplicable para a valoración dos méritos será o seguinte:

1.- Por aprobar a proba teórica selectivas de acceso ás listas, relacionado co posto de traballo, categoría ou nivel, ata un máximo de 60 puntos. Establecéndose unha parte xeral de 40 preguntas e unha parte específica de 20 preguntas (relacionadas co posto a cubrir). Establecendo unha puntuación mínima de 24 puntos para a parte xeral e 12 puntos para a parte específica para considerarse aprobado.

A proba teórica realizarase cun total de 60 preguntas, valorando con 1,00 punto cada pregunta respostada correctamente, 0,00 puntos cada pregunta non respostada e 0,25 puntos cada pregunta respostada incorrectamente.

2.- Por servizos prestados nunha categoría equivalente nos últimos 6 anos e ata un máximo de 15,00 puntos.

Computaranse como servizos prestados aqueles que teñan que ver exactamente coa categoría a ofertar, establecendo no momento da convocatoria a definición destes servizos. Esixindo certificado da empresa onde realizou estes traballos, onde se especifique inequivocamente a relación destes traballos coa definición especificada na convocatoria. Valorando Servizos prestados na mesma categoría da lista da que se pretenda formar parte: 0,50 puntos por cada mes completo ou fracción superior a quince días.

3.- Por cursos relacionados coa actividade a desenvolver impartidos pola administración pública ou homologados, ata un máximo de 5,00 puntos:

De máis de 100 horas: 1 punto.

De máis de 70 a 100 horas: 0,75 puntos.

De máis de 40 a 70 horas: 0,50 puntos.

De máis de 15 a 40 horas: 0,35 puntos.

De menos de 15 horas: 0,20 puntos.

No suposto de que na acreditación dos cursos non figure o número de horas, aplicarase a puntuación mínima.

No caso de dous cursos iguais so se valorará o último realizado.

Os cursos de formación acreditaranse mediante presentación da fotocopia dilixenciada da certificación, título ou diploma no que figure nome do título, contidos e duración ademais da entidade impartidora.



4.- A Comisión de seguimento, no momento do chamamento dos candidatos a un posto de traballo determinado, en atención as características do devandito posto a ocupar, resérvase a opción de realizar unha entrevista cos candidatos que figuren nos 10 primeiros postos da lista, entrevista que será valorada cun máximo de 20 puntos.

5.- No caso de existir informe desfavorable dun superior ou da Xerencia, debidamente xustificado, relativo ó traballo desempeñado polos/as aspirantes en calquera posto en COSMA, o/a aspirante será penalizado co desconto de 30 puntos, ocupando o posto que lle corresponda trala penalización.

Artigo 11º .-Establecerase un período de proba dun mes para contratacións por período inferior ou igual a seis meses, e tres meses de período de proba para contratacións por período superior aos seis meses.

Artigo 12º .-No prazo máximo de tres días naturais, dende o chamamento, o/a aspirante seleccionado, deberá presentarse para a incorporación o posto correspondente. De non facelo, entenderase que renuncia ó nomeamento e a súa permanencia na correspondente lista de aspirantes.

Artigo 13.- Os/as traballadores/as contratados de acordo coas presentes bases estarán suxeitos ao convenio colectivo de COSMA.

Disposición adicional 1.^a .- As persoas que acrediten unha minusvalía superior o 33%, sumarán 5 puntos máis, o que constitúe un 5% do total da puntuación posible. Os/as candidatos/as deben aportar certificado médico que acredite a súa capacitación para o posto a cubrir

Disposición adicional 2º .- A Convocatoria dos procesos selectivos para a elaboración de listas de aspirantes de persoal temporal de COSMA, farase segundo as necesidades de persoal e se aprobará pola Xerencia de COSMA.

Disposición derradeira.-O presente regulamento entrará en vigor ó día seguinte á súa publicación na páxina web de COSMA.